



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA NA INFORMACIÓN DO TELÉFONO DA SOIDADE NON DESEXADA PARA O EXERCICIO 2025.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar cos Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo Ourense e Pontevedra, o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá os seus efectos dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.

Ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas funcións o establecemento da súa colaboración na información do teléfono da Soidade Non Desexada para as persoas da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025.

Que a cooperación radica en que desde calquera farmacia de Galicia por medio dos seus farmacéuticos, e como profesionais, lles permite e poden detectar os casos de Soidade Non Desexada entre as persoas asiduas a súas farmacias. Estes profesionais son coñecedores das súas situacións persoais e desde o seu punto de vista e como profesionais, dar información do teléfono e axudar a previr e reducir a soidade non desexada neses destinatarios en risco de soidade cunha efectividade real e así mediante esa información do devandito teléfono, axudar a moitas persoas.

O interese público deste servizo telefónico queda acreditado como unha actuación innovadora de atención ás persoas que se atopan en situación de soidade non desexada, principalmente para persoas maiores en situación de soidade non desexada. Ditos servizos telefónicos incluírán un enfoque de prevención, identificación e atención ás persoas que se atopan na devandita situación e serán atendidos por persoal especialista, formado para ese efecto.

Os beneficiarios do proxecto de información do teléfono da Soidade Non desexada son as persoas en risco de estar en dita situación ou de padecela.

Para os profesionais farmacéuticos da Comunidade Autónoma Galega, en ningún caso se derivarán obrigas nin os dereitos propios dun contrato laboral, nin a obriga de contratación posterior por parte da Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, tampouco terá dotación económica ningunha pola realización destas informacións, nin





por parte dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, nin por parte da Consellería de Política Social e Igualdade.

Así o exposto, os intereses converxentes das partes asinantes manifestado no instrumento de colaboración exclúe o ánimo de lucro que, polo antes exposto, non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A vixencia do instrumento de colaboración comprende dende día da súa sinatura e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2025.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital.

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

